

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE SOLICITUDE DE PRAZA PARA O COMEDOR CURSO 2024/2025

Seguindo o disposto na instrución 2/2024 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, informamos:

Solicitudes:

Pódense recoller no centro ou na web do colexio as solicitudes do comedor para o curso 2024/25. Terá dereito ao servizo todo o alumnado do centro que pertenza á área de influencia ou aquel alumnado que leve escolarizado un ano no colexio.

Documentación que acompaña á solicitude:

1. Autodeclaración (Anexo II), a recoller no centro coa solicitude ou na web.
2. Documento de previsión de asistencia.
2. Os usuarios escolarizados por primeira vez no curso 2024/25 deberán presentar certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta debe ter unha antigüidade mínima dun ano.

Non precisan presentar a autodeclaración (con acreditación documental):

1. Familias en situación de exclusión social.
2. Alumnado en acollemento residencial ou familiar.
3. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado pertencente a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.

Número de prazas concedidas: 92

Selección de usuarios:

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia (con acreditación documental):

1. Alumnado usuario HABITUAL do comedor no curso anterior.
2. Alumnado con irmáns/ás matriculados este curso que solicitan o uso do comedor.
3. Alumnado en situación de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnado membro de familia numerosa.
5. Incompatibilidade polo horario laboral.
6. Outro alumnado do centro, incluído o escolarizado fóra da área de influencia.
7. Persoal docente e non docente que non colabore nos labores de atención.

Criterios de desempate aprobados en Consello Escolar (con acreditación documental):

1. Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.
2. Alumnado en situación de acollemento residencial ou familiar.
3. Orde alfabética resultante de sorteo público na secretaría do centro o día 1, ás 12:00h.

Informarase das letras resultantes na web do centro.

Prazos:

Entrega de solicitudes: do 18 de xuño ao 1 xullo. Presencialmente en horario de 09:00 a 14:00.

Publicación listaxe provisional de admitidos: 4 de xullo. Reclamacións: do 5 ao 11 de xullo

Publicación listaxe definitiva: 12 de xullo.

Narón, 17 de xuño de 2024.

O Director